



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS GALEGAS DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS (FAGAL), PARA O FINANCIAMENTO DOS PROGRAMAS DE APOIO A PERSOAS COIDADORAS DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS RESIDENTES EN GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS GALEGAS DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS (FAGAL) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2019. Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2019 sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración por parte da Consellería de Política Social no financiamento das actividades de formación e apoio das persoas coidadoras de persoas en situación de dependencia enfermas de alzhéimer e outras demencias que esta entidade ten previsto desenvolver durante o ano 2019

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

actualmente faise preciso establecer medidas de apoio e formación orientadas ás persoas coidadoras de persoas en situación de dependencia enfermas de alzhéimer e outras demencias dado que desenvolven unha importante labor complementaria á rede pública de recursos da Administración, sendo o pilar fundamental onde se sustentan en moitas familias o coidado das persoas en situación de dependencia, especialmente naqueles espazos onde a implantación de servizos e programas específicos é débil.

Conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2. apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, FAGAL debe ser considerada como a única entidade de iniciativa social de ámbito autonómico especializada na atención a enfermos de alzhéimer e outras demencias e ás súas familias, dispoñendo da experiencia, da rede necesaria, do capital humano e dos medios axeitados para desenvolver esa atención.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas nas súas cláusulas primeira e segunda; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e no seu artigo 20, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino dixitalmente esta memoria en Santiago de Compostela

